

# GERARDO PORTO

1925 - 2025



CONCELLO DA CORUÑA	EXPOSICIÓN	CATÁLOGO	AGRADECIMENTOS
Alcaldesa da Coruña <b>Inés Rey García</b>	Comisariado Isabel Despomare Porto Pedro Vasco Conde	Textos Isabel Despomare Porto Pedro Vasco Conde	• Elisabeth Le Blanch • Annette Porto • Cristina Porto • Isabel Despomare Porto
Concelleiro de Cultura e Turismo <b>Gonzalo Henrique Castro Prado</b>	Producción A Forxa Producións Kiosco Alfonso Galiart	Fotografía Stephane Lutier Alfonso Rego (pax.66)	• Afundación. Obra Social ABANCA • Deputación da Coruña • Concello da Coruña • José Mª Manzano Fernández
Directora da ÁREA de Cultura <b>Eva Blanco Sánchez</b>	Montaxe Savisu Soluciones	Deseño e maquetación Xosé Salgado	• Manuel Gende Méndez e Pilar Seco • Plácida Patiño Canedo • Manuel Pena • Club do Mar de San Amaro • Sporting Club Casino
Xefa de Servizo de Cultura e Memoria Histórica <b>Susana Martínez Portabales</b>	Trasporte Internacional Francisco López Ríos	Revisión do galego Servicio de Normalización Lingüística do Concello da Coruña	
Kiosco Alfonso <b>María Corredoira</b> <b>Ana Souto</b>	Trasporte nacional Jega Gráfica	Imprime Alvanova Gráfica	
	Seguro Hiscox Liberty Specialty Markets Europe	Depósito Legal C 718-2025	

# GERARDO PORTO

## 1925 - 2025

Palacio Municipal de Exposiciós  
KIOSCO ALFONSO

16 DE MAIO – 6 DE XULLO  
2025





# ÍNDICE

## 7 **No Centenario de Gerardo Porto. 1925-2025**

**Inés Rey**

Alcaldesa da Coruña

## 11 **Presentación**

**Isabel Despomare Porto**

## 15 O pintor da luz que descubriu a súa profundidade e o sentido da súa beleza

**Pedro Vasco Conde**

Comisario da exposición

## CATÁLOGO

**32** Galicia

**96** Holanda

**130** Venecia

## ARTES APLICADAS

**162** Cerámica

**164** Biombos

**166** *Complejo Deportivo Municipal de San Diego*

**168** *Club del Mar de San Amaro*

**172** Praza elíptica *Los Rosales*

**174** Decoración dun portal da Coruña

**176** *Millennium*

**182** Bibliografía

**184** Textos en castelán



# No Centenario de Gerardo Porto. 1925 - 2025

Esta exposición é unha homenaxe no centenario do nacemento dun artista que forma parte da alma da Coruña. A súa obra deixou unha pegada indeleble na nosa cidade: o Millenium, os murais do Club do Mar, do Casino, do polideportivo de San Diego, as arcadas e bancos do polígono dos Rosales..., creacións que non só embelecen o espazo público, senón que o enchen de identidade, arte e emoción.

Hai anos, un 30 de decembro, celebrei xunto a moitos coruñeses e coruñesas a reiluminación do Millenium, símbolo dun novo tempo, dunha cidade que mira ao futuro con esperanza. Aquela celebración foi tamén un tributo á cidadanía que, con valentía, apostou por unha cidade máis cohesionada, aberta e moderna. Hoxe, esa obra cumpre 25 anos e seguímonos vendo reflectidas/os nela.

Este centenario é unha oportunidade para recoñecermos a un dos grandes pioneiros da vangarda galega, un creador rebelde, libre e apaixonado que decidiu ser artista en tempos difíciles. Nacido na Coruña por destino, pero tamén por elección, viviu gran parte da súa vida en Holanda, onde atopou o amor e a súa musa, Betty. Con todo, nunca deixou de regresar cada verán á súa cidade natal e foi aquí onde, aos 57 anos, se instalou definitivamente e onde pechou o círculo vital e artístico desde o seu estudio coruñés.

O corazón desta exposición son precisamente esas obras da súa “segunda vida artística”, creadas desde A Coruña, profundamente ligadas á súa paisaxe, á súa atmosfera, á súa xente. Son obras que reflicten a alma dunha cidade que foi a súa inspiración constante e que el elevou á categoría artística.

Logo de se formar en Artes e Oficios, completou a súa formación en Madrid e París e pronto foi recoñecido por figuras como Camilo José Cela, Álvarez de Sotomayor ou o Marqués de Lozoya. Expuxo no Museo de Arte Contemporánea e bolseiro para estudar na *École des Beaux-Arts* e traballou mesmo no estudio de Matisse.

Galego, francés, holandés e atlántico, como el mesmo dicía: “Francia ensinoume, Holanda desas-noume, Galicia aleitoume, España deume a forza, e a Cultura Atlántica regaloume a fascinación polo misterio e a luz”. A súa arte, expresiva e persoal, nutriuse de paisaxes, interiores, bodegóns e, sobre todo, da auga: rosada, orballo, choiva, neve, mar, canles, brumas... Foi un artista sen límites, sempre vital, inquieto, libre e fiel á súa vocación.

Agradecémoslle especialmente á súa familia, esposa e fillas, por nos permitir renderlle esta merecida homenaxe. Hoxe dámosslle a benvida, unha vez máis, á súa casa: o Kiosco Alfonso, un lugar de encontro coa arte, coa súa arte, que xa forma parte da nosa memoria colectiva.

**Inés Rey**

Alcaldesa da Coruña







# Presentación

**Isabel Despomare Porto**

Abril 2025

Desde a butaca contemplo a imaxe desta casa; de tonalidade fauvista, a cal irradia certa sensación de soidade e onde o tempo parece quedarse paralizado. Soamente dúas nítidas siluetas revelan presenza humana.

Esta obra temperá de Gerardo Porto pertence a unha época en que aínda estaba buscando o seu vocabulario artístico. A esta fachada tivo que atribuírille certa importancia, xa que foi o fogar onde naceu e onde se criou. Foi o seu domicilio ata que marchou vivir a Holanda. Por tanto, esta casa alberga moitos recordos... Non sei cando a pintou, intúo que a finais dos anos 40, principios dos 50...

Se alguén puidese botar unha ollada dentro, que vería?

Pois, nos anos cincuenta vivían tres xeracións da familia Porto baixo o mesmo teito. Logo estaba a súa irmá Emilia, aloxada no piso ático. A súa outra irmá, Josefina, e unha tía, Carmen, a dous pasos, na rúa da Alameda.

Vénseme á mente un fogar acolledor. Un ir e vir de xente... Entre os comensais, os veciños e os quefaceres, non había tempo para aburrirse. Gerardo estaba afeito a este ritmo enérgico, pero para Betty, a súa esposa, tivo que ser máis difícil adaptarse, xa que ela, que era holandesa, proviña doutra cultura onde o ritmo diario era racional e disciplinado, aínda que en retrospectiva hai que admitir

que Betty quedou marabillada pola nova contorna que atopou ao chegar a Galicia, o diverso grupo de amigos de Gerardo, a súa nova rutina de saír pasear polas tardes, o costume de tomar café nunha terraza, de baixar á praia de Riazor para se dar un baño, de acompañar a Gerardo en novos proxectos; todos acontecementos alegres para unha moza de vinte anos...

E, por último, pero non menos importante, había nesa casa presenza dun cachorro insular, que Gerardo trouxera dunha das súas viaxes a Canarias. Gerardo sempre sentiu paixón polos cans e os gatos, xa que desde moi novo estaba acostumado a ter unha mascota na casa. Sempre se desviviou polo benestar dos animais. E 'Kinkonciño' entraba na cota. Creo que o atopara cando era un cachorro abandonado e apiadouse del.

Nesa casa parte do salón separouse para que Gerardo tivese un recuncho onde pintar: cabalete, brochas e pintura sempre presentes, que agardaban ata que Gerardo volvese retomar o pincel, normalmente cando tiña un momento libre. A gama de cores con que pinta nesta época é viva, de formas planas e simplificadas.

Cando pintaba era feliz. E os anos cincuenta foron unha fonte de inspiración para Gerardo. E tanto que o foron. O municipio coruñés ía medrando e ao mesmo tempo modernizándose. Pola zona da Mariña, curruncho da

Dársena, había almacéns que cambiarían destino. Estes locais convertéronse gradualmente en cafeterías. Gerardo estivo á vanguarda desta transformación. A reforma das primeiras e novas cafeterías, Capri e Lumar, foron da súa firma. Entrar nesas cafeterías era unha experiencia nova, interior de liñas estilizadas con uso de luz de neon como fonte de luz indirecta. Hai que pertencer á xeración dos boomers para lembrar o letreiro colgado fóra dunha das cafeterías cun cisne branco en luz neon. Se non me equivoco, era o cartel de Lumar....

Tamén deseñou o decorado para a primeira actuación do Ballet Galego no Teatro Colón, na Coruña. Todo un acontecemento! O Rey de Viana, José Manuel, ao mellor coñecido pola súa sigla, JM, e a súa muller Vitoria Canedo, eran amigos dos meus pais e certo é que o círculo do que se rodeaba nesa época estaba formado por persoas con ideas afíns e innovadoras.

Neses anos tamén montou unha boutique de decoración, nun baixo na avenida de Arteixo, no número 6. Este negocio podería combinar cos proxectos que xa tiña encamiñados e Betty axudaríalle coa xestión da tenda. Para comprar mercancía, viaxaban por España, Portugal e Francia, a onde ían a feiras ou onde visitaban os talleres de artistas. Nunha das viaxes foron a Vallauris, ao taller de Picasso na Costa Azul. Compraron vasos, pratos decorativos para vender na tenda, pero o gran mestre Picasso non se deixou ver.

Afeitos a viaxaren en coche tramos longos, o seguinte destino sería Holanda. Betty sacara o carné de conducir. Ademais, gustáballe sentar ao volante; así podían facer quendas na longa distancia que hai entre Galicia e Holanda. Hoxe en día é principalmente autoestrada, pero os dous mil quilómetros que aproximadamente hai en

distancia naqueles tempos tíñanse que percorrer por vías nacionais ou comarcais. Facíanse paradas polo camiño. Teño gratos recordos dunha mocidade en que a arte e a cultura nos foron inculcadas case sen pensalo. Quen pode dicir que á idade de párvulos unha tiña coñecemento do pointillismo de Saurat ou de Signac grazas á explicación do seu pai durante unha visita ao Museo Jeu de Paume en París? Ou ver as covas orixinais de Altamira? Cos impresionantes debuxos de bisontes?

No verán desprazabámonos a Delft, á casa dos avós maternos. Gerardo seguía debuxando e pintando onde quixer que estivese. Adoitaba dicir de Galicia e Holanda que lle encantaba esa luz difusa, o ceo con esos cambios atmosféricos cunha ampla gama de tonalidades. Ademais, a paisaxe holandesa é chá, o que permite un xogo infinito de luz con caprichosas formacións atmosféricas. Ao noso pai encantábanlle estas circunstancias ambientais. Creo que a súa inspiración non se limitaba a paisaxes. Fixo neses anos moitos debuxos de edificios, igrexas, pontes, escenas urbanas, todo o que atrapaba a súa atención. Logo tamén existen retratos do noso avó materno por man de Gerardo e o curioso é que algo nel debeu espertar unha chispa de inspiración, xa que o retratou en múltiples ocasións.

O noso pai era sumamente disciplinado e traballador. Creo que o xene artístico tivo que ser innato. Na familia corre a anécdota de como Gerardito na escola primaria trazou na lousa un burro co xiz, xa que o mestre non lograba facelo e o que resultou en que o meu pai, intrépido, pediu permiso para poder ir á lousa e debuxalo..., cousa que seguramente deixou o mestre asombrado ao ver o resultado final.

A fonte de información é fiable, xa que a tía Carmen coñeceu a meu pai desde o seu nacemento. De todos os

xeitos, hai que recoñecer que sempre tivo unha man fixa para debuxar. Era rápido en execución e non se demoraba en detalles. Carbón, tinta, lapis; todo lle valía.

Logo tamén tiña capacidade para observar. Víase lle tranquilo por fóra, pero por dentro tiñao todo captado.

Cara a bosquexos na parte traseira dun paquete, ou en calquera ‘papelíño’ que tivese á man. Unha vez, visitando a familia en Carolina do Sur, lémbrone de como, durante unha excursión en coche, algo lle chamou a atención, pero non podíamos parar, xa que íamos no coche. Unha vez na casa, puido evocar esa memoria e facer un debuxo detallado de todo o que vira ao pasar.

Creo que todos na familia estamos de acordo no afán que desenvolvía o noso pai para crear. Non deixou pasar un día desaproveitado na súa vida como para facer un bosquexo, dar unhas pinceladas ou para lle dar o toque final a unha obra.

Co paso dos anos, cando os seus contemporáneos colgan a bata no colgadoiro, el pona, volve pintar con enerxía reforzada e descobre novos medios para se expresar, como o cristal... (pola súa transparencia) e a porcelana (pola súa brancura...). Como el adoitaba dicir: acariño as pezas cos meus pinceis.


Andaba a paso rápido, non durmía moitas horas, as xustas para poder descansar o suficiente e empezar un día novo. E, xa ben encamiñado no outono da súa vida, seguía gozando de cada novo día, de cada nova circunstancia que se lle cruzaba no camiño. Acórdome de que, cando estaba a piques de cumplir 80 anos, me dixo “o mellor agasallo na vida é poder cumplir 80”.

Foi fiel ao seu credo de seguir buscando, como o fixo durante a súa longa vida. Curioso ata o final, nunca cesou en preguntarse o porqué da esencia. Deixou un legado impresionante para futuras xeracións.

Falta dicir que o noso pai tiña en alta estima a súa querida A Coruña. Por tanto, sentímonos honrados de que o Concello da Coruña tomase a iniciativa de organizar esta centenaria exposición; tal como lle gustaría a el: expoñer a súa obra para que futuras xeracións a poidan ver, para que tomen o relevo e que se sigan asombrando, inspirando e propagando obra polos catro ventos.

Esta exposición ofrecerá a ocasión para reintroducir a obra deste artista galego coa esperanza de que as seguintes xeracións se fagan unha idea de quen era este señor coruñés, a quen o Concello da Coruña lle dedica esta homenaxe.

Finalizo expresando, tanto en nome da familia Porto como no meu, o noso agradecemento.



*Atmósfera nocturno bosque*

46 x 85 cm

Carbón/ xiz / cartolina

Colección particular

## O PINTOR DA LUZ QUE DESCUBRIU A SÚA PROFUNDIDADE E O SENTIDO DA SÚA BELEZA

---

**Pedro Vasco Conde**  
Comisario da exposición

Pertence a un período que puidó converterse nunha “xeración perdida”, engulida polo tempo que lles tocou vivir.

Con todo, e contra todo prognóstico, Gerardo Porto acabou por converterse en parte do núcleo da xeración que renovaría a arte en Galicia e que traería a semente da vanguarda.

Representa o momento en que uns mozos escollidos e sen complexos se converteron nos protagonistas da historia e en fonte de inspiración e referentes grazas á súa arte e os seus valores. A responsabilidade, o estudo, o esforzo, o traballo, a decisión e a valentía servíronlle como motor para romperen o seu destino e foron as súas características constantes e puntos de conexión.

Partiu do seu talento, de ter claro que debía romper cos postulados impostos e da valentía para estar disposto a traballar desde a incomprensión e a marxinación do mundo da arte.

A nivel conceptual, ou de discurso, o elemento que distingue a súa xeración é a universalidade como visión xeral e a creación dunha linguaxe ou proposta propios.

Sen dúbida, **son os revolucionarios do onte que nos trouxeron a arte de hoxe.**

Xustiza e honra aos precursores e liberadores do pasado, aos iniciadores dun tempo que se chamou vanguarda.

Un tributo aos que estiveron dispostos a romperen co seu destino.

## PORTO 1925-2025

---

Esta biografía fai fincapé nos acontecementos más transcedentes, relevantes e claves da súa vida de artista.

Gerardo Porto nace o 25 de novembro de 1925 na Coruña, na praza de Santa Catalina, fronte a unha fonte dedicada a Neptuno. É fillo de Gerardo Porto Pons e Genrosa Montoto Sabio e o menor de catro irmáns, Gerardo, Josefina e Emilia, el nace despois de falecer o seu irmán maior, e como recordo, ponlle o mesmo nome.

Por desexo dos seus pais, estuda na Escola de Artes e Oficios da Coruña que, neses anos, tiña unha gran fama polo seu nivel académico e o do seu profesorado.

Aos dezaseis anos, entra a traballar na Xefatura Provincial de Minas da Coruña como axudante, o que o dota de certa independencia económica que posibilita a súa integración social e permítelle, á súa vez, achegarlle unha axuda á súa familia; ainda que este traballo non fai que abandone os seus estudos en artes e oficios.

Aos dezasete anos, faise socio do prestixioso Círculo de Artesáns da Coruña e é aí, na súa biblioteca, onde se ilustra e atopa a revista *La Esfera*, a máis importante de arte do momento, dirixida por Verdugo Land, coñecido intelectual e escritor. Esta revista utilizaba o oco-gravado a cor para a reproducción das súas obras de arte. No primeiro fascículo de 1914 atopou a poderosa imaxe da *Barca verde* de Segismundo Nagy. O impacto que lle produciu levouno a afirmar, nas súas propias palabras, que “*foi o que lle fixo querer ser un artista*”. Esta obra representaba un escenario nocturno iluminado cun barco no porto de Pasajes de Bilbao, definida por cores intensas e cunha atmosfera acuosa. Unha atrevida composición cunha luz moi espacial.

Atópase, nestes momentos, finalizando os seus estudos de arte e é entón cando comeza a tomar contacto co

mundo dos faladoiros, dos que chegaría a se converter nun destacado polemista. Frecuentaba o coñecido Café Galicia, o Oriental, La Granja, o Circo de Artesáns, o Cantón Bar, a tascá Enrique, Marcelino Pan, La Perla de las Antillas e a Viuda de Salvadores...; cada un tiña as súas horas para atoparse.

**Os seus primeiros amigos** do mundo da arte, cos que comparte intereses, valores artísticos e a falta de integración sociolóxica coa contorna, son os pintores Lago Rivera, Antonio Tenreiro Brochon, José María Labra, Molezun, arquitecto e pintor, Urbano Lugrís, Mampaso... escritores e activistas culturais como Mariano Tudela, o poeta e escritor, Miguel González Garcés, Fernando Mon, crítico de arte e todos os creadores da transcendental revista *Atlántica*. Coñeceu o gran Camilo José Cela, o estudos da arte e catedrático Bonet Correa, a Álvaro Cunqueiro..., o mítico, o home de teatro, actor e profesor de interpretación na escola de Mili Porta e responsable e director da histórica e pioneira Galería-librería de Lino Pérez, Julio Ponte, que xogou un papel esencial desde a súa galería-librería; un adiantado ao seu tempo que converteu a súa sala de arte no referente e a plataforma desde onde dar a coñecer a todos esos novos artistas.

Fíxose amigo tamén do gran fotógrafo Manuel Ferrol; un personaxe recoñecido mundialmente pola súa fotografía da serie da *Emigración* e por outras tantas coñecidas e premiadas.

Posteriormente, iríanse incorporando ao seu elenco de artistas María Elena Gago, María Antonia Dans, Laxeiro, Alfonso Abelenda, Luis Caruncho, Alejandro González Pascual e outros/as doutros tantos lugares e nacionalidades polas que pasou.

Ademais, mantería contacto sempre coas novas xeracións.

Estes momentos constituíron unha época chea de ilusión e de traballo, entrega e estreitezas, coa enerxía e vitalidade desbordantes da súa mocidade. Todo iso, unido

ás súas ansias de aprender, posibilitan que emprenda o seu voo como artista.

Tamén debía ser o promotor, marchante e divulgador da súa arte, o que, no seu caso, supuxo un valor engadido ao seu traballo, fortaleceu a súa vocación, canalizou a súa hiperactividade e esculpiu nel unha personalidade multitarefa. A dureza destes momentos imprimiuelle carácter e a faísca necesaria para aprender a sobrevivir e buscar a súa saída.

A falta de coleccionistas e de educación e interese da xente, conduciuno a mostrar as súas obras en comercios, tendas de mobles, agasallos e estilo da cidade.

Pouco despois, xorde a súa **primeira exposición** na mítica galería-librería Lino Pérez, situada na rúa Real da Coruña e dirixida polo coñecido Julio Ponte; activista cultural e defensor da arte que revolucionaría o mundo cultural da cidade. Así, desde esa galería, daríanse a coñecer os e as artistas más vanguardistas do lugar e que, no futuro, serían a historia da arte.

A exposición de Porto constaba de paisaxes da cidade en pequeno formato realizadas con técnica impresionista e clásica, pero tamén diferente e moi persoal. Estas obras son visións urbanas cheas de luminosidade, nas que predomina unha paleta de azuis e rosas; cores moi vinculadas aos atardeceres atlánticos. Esta mostra foi un éxito de comentarios e público, na que conseguiu algúnsa venda.

Os seus pais destinan os seus aforros a financiar a súa viaxe e estadía dun ano en Madrid e anímano a cumplir o seu soño, a verse na gran cidade e tomar contacto cos grandes museos e coa realidade do mundo da arte, que sería o seu futuro. Tamén lle permite medirse con outros artistas que loitaban por se abriren camiño no duro e estreito mundo da arte.

Viaxou moi ilusionado e seguro de si mesmo, coa idea de aprender e medrar en experiencias, pero tivo que enfrentarse á supervivencia e ao reto de integrarse nunha

España en branco e negro. A esa España do estraperlo, do piollo verde, do racionamento, das purgas políticas, do pensamento represor, da censura, do 18 de xullo, da Lei de vagos e maleantes... onde todo se resumía na necesidade de poder continuar no mundo da arte.

A súa vida como artista en Madrid discorre, entre outros lugares, no mítico Café Gijón, que era o lugar por antonomasia da cultura máis prestixiosa do país. Alí entra en contacto cos Indalianos; un grupo de artistas que proviñan de Almería, capitaneados por Capulino e Capuleto e apadriñados polo grande Eugenio d'Ors. Con eles comparte as penurias e a bohemia.

Practican diversas accións artísticas. Unha delas consistente en desafiarxe en público na zona de Recoletos e do Museo do Prado. O reto consistía en pintar do natural algún detalle ou lugar da zona e facer que a xente votase as obras que consideraba mellores. Adoitaba saír vencedor desas loitas.

Nese momento, **o seu destino comeza a aparecer e a facer das súas**. Un día, estando no Café Gijón, uns interlocutores habituais, confabulados cun camareiro e coa idea de mofarse del e gastarlle unha broma, coméntanlle que, nin máis nin menos, o marqués de Lozoya (que era un gran mecenas dos/as artistas que empezaban) estaba interesado en contactar con el. Porto, ao saber iso, pide o teléfono, busca o seu número na guía e, sen máis, chama. As persoas presentes estaban expectantes por presenciaren o estrepitoso fracaso da súa chamada e así poder rirse del a gargalladas.

Pero aí é cando o seu destino ten preparada a súa primeira e gran sorpresa. O marqués, que nunca atendía persoalmente o teléfono en primeiro lugar, casualmente toma a chamada e comeza a dialogar con Gerardo, quen, convencido do seu labor de mecenado e coa naturalidade da súa mocidade e inocencia, cativa o marqués e consigue que o convide á súa casa para ensinarlle as súas últimas obras.



Anochecer en el puerto  
de A Coruña  
36 x 56 cm  
Acuarela /tinta  
2000  
Colección particular



Obelisco  
20 x 16 cm  
Acrílico/táboa  
Colección particular

Todas as persoas presentes perderon o seu sorriso burlón e quedaron sorprendidas polo sucedido; o que buscaba ser unha broma, acabou sendo a grande ocasión de Gerardo, que, ao cabo, se convertera no seu comezo cara ao recoñecemento e o éxito na súa carreira como artista.

Prepara a visita traballando incansablemente desde a pensión onde se hospedaba e levando como resultado varias obras de paisaxes urbanas, entre as que se atopaban “*Rocas de la playa de Riazor de A Coruña*” e “*La esquina de la Casa de la Moneda de Madrid*”.

Tras observalas detidamente, o Marques dá o seu veredicto e sinala que se trata de obras moi valentes, vanguardistas e con técnica. Tamén destaca a súa preocupación por definir a luz e o tratamiento da cor. Así, no seu ditame final destaca a súa calidade e comprométense a recomendalo para realizar unha exposición no Museo de Arte Contemporánea de Madrid situado, nesa época, nos baixos da Biblioteca Nacional (en concreto, na Sala de Estampas).

É en outubro de 1948, aos vinte e tres anos, cando inaugura a súa grande exposición e cumpre o seu soño de verse expoñendo no dito lugar. Era, sen dúbida, o seu primeiro grande éxito. A partir de entón, o futuro estaba nas súas mans.

A inauguración estivo presidida polo gran pintor Fernando Álvarez de Sotomayor, director do Museo do Prado, asistiron o Marqués de Lozoya e Luis Gil Fillol, presidente do Padroado de Museos Españois. Ademais, a exposición foi prologada polo xa famoso e recoñecido escritor, que anos máis tarde sería Premio Nobel de Literatura, Camilo José Cela, quen, ademais, ofreceu unha pequena conferencia de presentación co título “*Gerardo Porto, un pintor universal*” e posteriormente tamén escribiría algúns prólogos e textos para as súas exposicións. A amizade entre eles perdurou durante toda a súa vida.

O seu regreso á cidade da Coruña convértese nun acontecemento; o mozo Gerardo Porto volvía triunfante.

O Concello da Coruña convídao a facer unha exposición na súa sala de exposicións, situada nos baixos do Concello. Casualidades da vida, a exposición anterior á súa era, nada máis nin nada menos, que a do gran Fernando Álvarez de Sotomayor.

A Deputación concédelle a bolsa de viaxe Sotomayor e o Concello colabora cunha axuda económica para a súa estadía. Grazas a iso, elixe e traslázase a estudar a París no ano 1949.

Chega á capital francesa o 23 de novembro para completar a súa preparación e estudos de arte, buscando tamén coñecer os seus museos, vivir en directo o impresionismo e empaparse da vida da capital da arte mundial. Os seus pais tamén colaboran e el achega as súas vendas da exposición.

Aí comeza a súa grande aventura existencial e o seu periplo como artista. É aceptado como estudiante na prestixiosa *École des Beaux-Arts de París*. Concédesele aloxarse no Colexio Español da Cidade Universitaria onde estaban de bolseiros os estudiantes españois máis destacados en diversas áreas do saber (músicos, científicos, artistas...). Para valorar o *savoir faire* de Gerardo, acaba por montar o seu estudio de artista nunha das torres do colexio; un estudio-apartamento de bastantes metros.

O seu amado impresionismo abríalle as portas e desveláballe os seus segredos, a súa luz, as súas pinceladas, a súa paleta, o seu sentimento e as súas tendencias. Todo estaba diante dos seus ollos.

Ademais, atópase con grandes obras de arte que observa, estuda e vive. Para el, está nun gran momento evolutivo no que tamén vive a democracia e a liberdade en todos os aspectos. Supoñía pasar da represión e o branco e negro á cor e a liberdade do pobo, a vivir o amor e o respecto pola cultura e pola arte.

Mentres busca a colección das Ninfeas de Monet, que consideraba unha das obras cume do impresionismo mundial, descobre o Museo Marmottan; un lugar que se converterá en esencial ao longo da súa vida e que visitará en múltiples ocasións tanto para inspirarse como para gozar e atopar respuestas.

Outro grande acontecemento na súa vida está a piques de acontecer.

Un bo día, decátase de que Matisse necesita artistas novos que lle axuden e ofrezan asistencia no seu taller. Gerardo preséntase ante o grande artista de fama mundial e consegue que este o seleccione para a dita tarefa e é alí onde recibiría as súas clases maxistrais, véndoo traballar interpretando as súas obras e resolvendo os problemas creativos que lle propoñían. Vendo, en definitiva, como promovía os diálogos creativos coas súas obras.

No seu estudio emplastecía obras, pegaba papeis para facer texturas, preparaba cores e tamén facía entregas de obras e algúns recados. Pero, algo moi importante, ensináballes a humildade de limpar o material e de varrer o estudio.

O tempo que pasou co gran mestre, ademais dunha lección de arte, foi unha ensinanza de vida e valores. O ser humilde e próximo e ver a arte como algo tanto persoal como universal, sabendo que o traballo da arte se leva dentro e que se debe respectar, sabendo que cada día se aprenden cousas novas.

Situámonos no verán de 1950, é final de curso. Un compañeiro e Gerardo deciden viaxar a Holanda para ver en directo os preimpresionistas holandeses, os artistas da Escola da Haia, a Rembrant, a Vermeer, o Rikmuseum.... Esta decisión e viaxe será outro dos grandes acontecementos da súa vida.

Tiña pensado pasar uns días, polo que, como era preceptivo, diríxese en primeiro lugar á Embaixada Española para que lle visasen o pasaporte. Aínda que, cabe destacar que a súa primeira toma de contacto con

Ámsterdam prodúcese desde o carro de cabalos dun repartidor que, amablemente, o convida a subir e a levalo á embaixada.

Xusto ese día celebrábase no devandito organismo o aniversario dun dos seus traballadores, que acaba convitando a Gerardo a asistir á súa festa. Grazas a iso, traba amizade con algúns dos funcionarios aos que comenta as súas expectativas durante a súa viaxe. Son eles quen lle comentan que non tería tempo suficiente para todos os seus plans e ofréncense a buscarlle un traballo.

Conséguelo no Consulado de Chile como administrativo, polo que pode prologar a súa estancia e aloxarse en Delf, unha cidade próxima, con ambiente estudiantil e máis alcanzable que Ámsterdam. E é alí onde, un día de feira, coñece a Elisabeth Cristine Le Blanch, Betty, da que se namora perdidamente.

Regresa á cidade da Coruña en 1951 e enseguida se dá conta de que non pode vivir sen Bety, polo que lle escribe unha carta á súa nai pedíndolle a súa man.

Casan o 29 de xuño de 1952 na igrexa de San Jorge da Coruña.

Durante a súa viaxe de noivos, en Vigo, Gerardo sente unha grave molestia pola que termina ingresado de urxencia cun ataque de apendicite, do que é operado e do que tarda preto de quince días en recuperarse. Durante ese tempo, fanse amigos de Fernando Masi e a súa muller, Amelia Albo, que lle axuda cos seus gastos. El responde entregándolle tres das súas mellores obras.

De regreso á Coruña, abre un estudio onde fai rótulos e rotula letras para Viajes Cantabria. Nese espazo, na avenida de Arteixo, será onde montará unha galería de arte na que chegará a vender obras de Fernand Léger, cerámica de Picasso e artesanía de vanguarda catalá, ademais das súas propias obras.

En 1953 expón no García Barbón de Vigo e, paradoxos da vida, contáxiase da famosa gripe asiática, que o

prostra por un tempo na súa pensión. Isto tivo un grande impacto económico na súa vida, do que se decata o seu amigo e admirador, Laxeiro. Grazas a el, coñece a García Márquez, quen lle comprará algunhas das súas obras e a Abel Lepina, que lle moverá o resto da exposición.

Bety e Gerardo son pais da súa primeira filla. Isabel nace en 1953 e Gerardo en 1957, E Cristina en 1961, os tres na Coruña, e posteriormente, en Delf, nacerá Annette en Delf, Holanda.

Deixa a galería estudio para dedicarse á construcción e decoración de interiores, e realiza obras cunha visión de deseño artístico, como as coñecidas e concorridas cafeterías Lumar, Capri e La Mezquita na Coruña. A súa decoración, moderna e diferente, causa asombro e admiración na xente.

Nesta época é convidado polo duque de Baena para facer unha exposición na embaixada en Ámsterdam para celebrar a visita de Don Juan de Borbón. Este queda gravemente impresionado coas súas obras e toman contacto. Ao final da inauguración e do acto, Gerardo ofrécese para ser o cicerone do conde de Barcelona na súa visita á cidade e, saltando o protocolo, móstralle a parte máis lúdica e bohemia da cidade de Ámsterdam. De aí xorde unha amizade que durará moitos anos.

Froito desta experiencia, é convidado xunto a un selecto e escollido grupo de amizades ás vodas de prata dos condes de Barcelona en Estoril-Portugal en 1960, durante o seu exilio na Villa Giralda.

Ao regresar á Coruña recibe a inesperada visita de certos personaxes das cloacas do sistema; a brigada político-social. Advírteno sobre a súa relación co Conde de Barcelona, da que son coñecedores, co que os seus encargos de obras e vendas de arte comezan a decaer.

A falta de traballo e necesidade dun sustento económico, unido á complicada adaptación da súa muller, determinan que decidan ir vivir a Holanda.

No devandito país, retoma a relación co Sr. Bolten, quen é considerado como a máxima autoridade no terreo museístico dos Países Baixos e, por tanto, un personaxe dunha enorme influencia no ámbito cultural. Tiña gran consideración por Gerardo e o seu papel como pintor, intelectual e experto en arte española, europea e en impresionismo. Por todo iso, o Sr. Bolten convértese no seu embaixador para entrar, pola porta grande, no mundo cultural holandés.

Tendo en mente afianzar a súa situación económica e proporcionarlle estabilidade á súa familia, ten lugar **outro grande acontecemento na súa vida:** decide presentarse a unhas oposicións para aprendiz de arquitecto no persoal da televisión holandesa.

Aproba os exames de entrada e en xaneiro de 1962 empeza a traballar. Comeza, ao pouco tempo, a realizar cursos e estudos especializados e, grazas ao seu esforzo e ás súas capacidades técnicas e artísticas, chega a converterse en arquitecto da televisión e técnico en iluminación e en iconoscopia. Co tempo, ocuparía o cargo máis importante como director da segunda canle da televisión holandesa.

Para Gerardo, a televisión é o grande estudio de probas artísticas e unha fonte de investigación e inspiración inimaxinable.

Ademais, este traballo faino máis práctico, pragmático, organizado, sistemático, constante e responsable. E, a nivel artístico, máis imaxinativo, creativo e ensínalle a non poñerse límites.

Mentres traballa na televisión segue facendo exposicións e sempre saca tempo para pintar. É unha forza da natureza.

Prexubílase moi novo, en 1980, cando **comeza a súa segunda vida.**

En 1982, tras unha vertiginosa vida laboral na televisión e tras máis de cincuenta exposicións, monta o seu

estudio artístico na Coruña. Aos seus 57 anos e cargado de experiencias, vitalidade e cunha grande ilusión, **comeza, unha vez máis, a súa carreira como artista.**

Péchase o círculo, agora é dono do seu tempo. Decide dedicarlle ese tempo á arte e as vacacións á súa familia.

Ten un gran currículo, unha grande experiencia e o dominio do oficio, aínda que na arte non se pode vivir do pasado e se debe demostrar o mellor dun mesmo cada día, xa que os artistas son xulgados polas súas últimas obras.

Comeza a vivir entre os Países Baixos, coa súa familia, e A Coruña, na casa da súa irmá Emilia.

**Como artista** está desatado, rexivenecido e parece intentar recuperar o tempo perdido. Comeza a loitar humildemente para abrirse paso e atopar o seu espazo no diferente, complicado e saturado mundo da arte. Tendo en conta as tendencias do momento e as dificultades para imponer o seu sinal e o seu estilo nese momento, non resulta unha tarefa sinxela. Con todo, o seu talento, a súa capacidade de traballo e a súa formulación de traballar desde a procura da síntese na súa linguaxe, conseguén que a súa obra se considerase algo novo, diferente e de calidade. Moi axiña o seu nome volvería soar e converteñase en tendencia. Gerardo volverá e estaba a triunfar e volvendo ser recoñecido.

Na súa procura de non conformarse consigo mesmo, dálle unha volta ao guión da súa vida como artista. Comeza a valorar traballar desde a súa apetencia e busca volver ser un artista renacentista ou, como el dicía, “plurifacetista”. Anteriormente fixera traballos noutros soportes e así xorden tamén en cerámica, cristal, en artes gráficas e pinta xoias, abanos e teas. Como non podía ser doutro xeito, segue pintando e tomando as acuarelas e carbóns como algo prioritario e de suma importancia e transcendencia. Aos debuxos dálles un tratamiento especial, fai unha acuarela no mesmo papel de máis de dous metros de longo.

## **SOBRE A SÚA ARTE E AS SÚAS DIFERENTES LINGUAXES. AS ARTES APLICADAS**

---

**Unha introdución ao plurifacetismo, como el diría, ou o que se entende como unha alma renacentista**

Foi produto da súa gran curiosidade, da súa hiperactividade, da súa valentía, de non querer repetirse, da súa capacidade de traballo, do reto por aprender e controlar novas regras e técnicas. Era o modo de sentir o seu talento, o non poñerse límites e a súa capacidade de ilusionarse e namorarse doutras linguaxes fixeron del un artista valente e seguro de si mesmo, o convencemento de que a arte era algo útil, que tiña que compartila e que se debería integrar na vida cotiá das persoas, a arte por e para a xente.

**Isto lévao a emprender novos camiños e novas aventuras noutros campos creativos.**

**A súa arte interpreta e expresa emocións**, busca o diálogo que lle produce situarse fronte á beleza, á súa luz e ao calafrío e as emocións que experimenta.

A súa arte traslada, impacta e comunica. Logra materializar, crear e transcribir momentos cheos de poesía e sentimento, da súa personalidade.

Busca a representación da beleza real, plácida, contemplativa e chea de sutileza e intimidade. **A súa arte convértese nun código diferencial.**

Sen buscar premios nin honras, o seu éxito é sentirse satisfeito co que facía, divertirse facéndoo e vivir a aventura do proceso.

Os seus campos creativos, as súas outras ferramentas, todo o que facía tiña a súa firma, estilo e sinal.

**O cristal**, nas súas mans, representa conceptualmente a escultopintura, a abstracción lírica colorista e a neofiguración atenuada e sutil.



O *Millennium*  
e detalle do  
monumento  
iluminado



Xunto coa cerámica e a pintura, sobre todo nos murais e mobiliario urbano, constitúen as súas ferramentas principais, as linguaxes sobre as que máis verte as súas grandes e épicas aventuras plásticas. Doutra banda, foi o que lle deu máis satisfaccións, éxitos artísticos e o que máis o achegou ao público.

Na súa etapa da televisión, toma contacto co cristal. Primeiro utilizao como elemento decorativo, para estudar posteriormente a técnica dos diferentes procesos da súa fabricación e poder concibilo como unha obra de arte.

Esta aprendizaxe lévaa a cabo na prestixiosa fundición Van Tterode, inaugurada en 1901 e dirixida entón por Louis La Roy, quen constitúe, xunto a Louis La Rooy, a súa clara referencia. Os seus primeiros traballos asinados son a partir dos anos 90.

As últimas exposicións onde os presenta son de 2001, na desaparecida Sala de Exposicións da Estación Marítima da Coruña e de 2002, na sala de exposicións do Club Financeiro da mesma cidade.

A súa grande obra é o *Millennium*; unha grande escultura, monumento de cristal inaugurado o 31 de decembro de 1999 e encargado polo Concello da Coruña con motivo da celebración do novo milenio. O traballo foi realizado nun tempo récord: oito meses e vinte días.

O cristal fúndese nos Países Baixos na fábrica de Van Tetrode e durante este tempo traballa exclusivamente para este proxecto.

O monumento sitúase fronte á coñecida Torre de Hércules, na baía coruñesa do Orzán-Riazor. Precisamente, a idea é enfrentar esteticamente as dúas torres; a historia fronte á modernidade.

Mide 51 metros e os grandes ferros de cristal son de 2,71 X 1,04 cm cada unha. Na parte inferior, represéntanse unha serie de acontecementos históricos esenciais na historia da cidade, resoltos tecnicamente cunha neofiguración moi persoal e moi do seu estilo. A gran torre vai

ascendendo por unhas formas abstractas que manteñen unha clara referencia a volumes pictóricos, esculto-pintura definida en tons pasteis.

Durante a noite, a torre transfórmase nunha nova e fascinante obra; como se unha frecha de luz emerxese do negro horizonte. A iluminación tamén foi deseñada por el, xa que non se pode esquecer a súa especialización como técnico de iluminación na televisión holandesa e o seu papel como un dos poucos expertos europeos en iconoscopia.

Este monumento complétase cun estanque que o rodea, a través do que se consegue proporcionar a sensación de que esta obra xorde da auga, que se reafirma como parte esencial e definidora do concepto da obra.

O deseño da contorna está pensado para que sexa parte tamén da obra e para potenciar a súa grandeza. É un enclave fantástico, de mar e rochas, a natureza salvaxe que se suma para definir esteticamente o conxunto. Xoga e provoca, escenifica e une os cambios de luz; o momento do día, do mes, das diferentes estacións, a iluminación nocturna... Todos constitúen unha referencia ao movemento da vida, na que todo cambia e se move. Tamén é un reflexo da súa alma impresionista e unha homenaxe persoal a este movemento.

En cristal, tamén cabe destacar unha escultura baseada no logotipo de Emiliano Revilla para un centro comercial no barrio da Concepción de Madrid, cun peso de máis de sete toneladas. Tamén realiza unha serie de vidreiras: unha para o Casino da Coruña, outra para Caixa Madrid de Pontevedra, para o Banco Pastor de Vigo e de Bilbao.

Realiza máis obra de menor tamaño de interior para coleccionistas e para diversos estudios de arquitectura.

Como remate final, na súa última exposición presenta unha trintena de obras pequenas con claras referencias a aplicacións funcionais e decorativas.

**A cerámica.** A porcelana sempre o atraeu, como obxecto en si mesmo e polo seu contraste da cor co fondo, a elegancia do trazo e a súa delicadeza, beleza e tacto. Nas súas propias palabras; “*sedúceme esa impoluta brancura da porcelana... Non pinto, acariño as pezas coas miñas pinceladas*”.

Tamén representa a orixe e a súa terra, onde Sargadelos é a grande empresa que elixe para realizar as súas vaixelas.

Busca controlar o misterio da cocción e dominar o lume, nos que entra o xogo o azar sobre o resultado final e o sentimento sobre a alquimia e a maxia.

Os seus primeiros traballos son dos anos sesenta, pero os oitenta e noventa son a culminación.

Emprega o seu estilo e coñecementos pictóricos; a súa pincelada alongada e firme; o seu trazo elegante, fino, xestual e volumétrico; o dominio da cor; a unión e adaptación das formas e a súa sincronización cos diferentes elementos (os pratos, as fontes, as sopeiras, os xogos de café e algunas pezas soltas) que se converten nos seus lenzos, onde todo é parte da súa experiencia e forman parte de algo belo, perfecto e que nos suxire un mundo de sensacións táctiles.

Trátase dunhas obras cun carácter moi expresivo, espacial e cun grande impacto colorista visual. Unha sinfonía de cores: os azuis, grises, negros e o branco do fondo que constitúen a alma dunhas obras que referenciañ e idealizan o seu impresionismo.


Nos anos 80 comezan as súas obras de plaquetas cerámicas ou “azulejos” e chegan con moita forza nos últimos anos da súa segunda mocidade, tras a súa xubilación. Así, no ano 2003 destacan os murais do polideportivo de San Diego, dous murais para o Casino, as arcadas e os bancos na praza central do Polígono dos Rosales, unha gran paxareira no xardín do barrio dos Castros e un gran mural no Club do Mar de Santo Amaro, todo feito na Coruña.



Azulejos do  
Sporting Club  
Casino



Fonte de cerámica  
Colección particular



Realiza tamén a decoración integral de varios portais. Nestas obras a súa formulación é construír, definir a atmosfera dunha escena dentro da superficie total do portal. En realidade, é unha experiencia immersiva de sensacións. Noutros portais mestura cristal, cerámica e mesmo chega a deseñar as lámpadas, controlando tamén as diferentes tonalidades da cor que ocupan as paredes.

A técnica empregada ou aplicada sobre os azulejos baséase en pintar sobre un gran lenzo. Cores puras e intensas; pincelada longa, grosa, volumétrica, espacial, firme, segura, elegante e empastada, coa idea de definir as formas con máis presenza e expresividade. Preocúpase de que os fondos interveñan como unha textura e que completen a obra, que dialoguen con ela e que a potencien. A paleta é más colorista e traballa paisaxes, escenas costumistas e, nalgúns casos, históricas, pero todas teñen un concepto de relato. Todas as súas obras sobre os azulejos ou placas cerámicas teñen ese diálogo co seu eu tan persoal e propio.

Realiza estas obras coa visión e forza que lles aplica aos murais, sen perder as sensacións que envolven as súas obras; a súa capacidade de proximidade e de intimidade que emociona e traslada o seu sentimento e emoción polo que representa.

Os azulejos e as de porcelana, mesmo nas de cristal, teñen esa esencia naturalista, postimpresionista e neorromántica; e en todas se manifesta o seu extremo coidado polo impacto visual, a presenza de luz e da atmosfera que definen e caracterizan as súas obras.

**As acuarelas e os carbóns** son xoias de sinxeleza e beleza, onde os seus elementos esenciais, a luz e a atmosfera son os protagonistas.

Trátase dun terreo que parece sinxelo, pero que resulta difícil e complicado, polo que volva nel a súa experiencia acumulada tras máis de 50 anos de traballo artístico. Trátao como unha prioridade e, así, realiza grandes obras dunha calidade máxima.

O seu desenvolvemento e, ao mesmo tempo, o reto, é a procura e incorporación da síntese da obra ao resultado final da escena.

Atópase no seu mellor momento, en canto á técnica e ao oficio, grazas á súa idade e experiencia. Como artista, segue predominando o seu talento, sen descartar a naturalidade e frescura de incorporar os seus recursos persoais, os seus segredos de cociña e os encontros creativos, á hora de facer unha lectura creativa dunha mancha ou dun trazo.

O seu reto principal nestes anos é construír, con pinceladas cheas de luz, e harmonizar a expresividade da dita intensidade, buscando a potencia na tonalidade, máis que a luzada da cor.

Coida moi especialmente o equilibrio entre a utilización dos pinceis e brochas e a unión das súas diferentes pegadas. Incorpora a utilización dos seus propios dedos para difuminar, definir e darlle maior forza e consistencia á atmosfera.

En realidade, todo xorde e xira ao redor de profundar e pór en valor a utilización da síntese da obra. Nas súas palabras e a modo de resumo; “*con menos non se pode facer más*”. O camiño fórmase por desprenderse do que vai sobrando, incluída a técnica, deixando que sexa o seu instinto quen o guíe.

O resultado son obras novas cunha linguaxe máis vital, con máis forza expresiva e cunha atmosfera protagonista e unha maior e renovada forza estilística. Dá a sensación de que a súa obra rexuvenece e toma un novo impulso. É unha maneira de avanzar e de se mostrar como un creador diferente, inquieto, pero con máis calado e potencia creativa.

Tamén se manifesta a súa procura constante de novas formas e horizontes.

En canto aos temas, segue buscando mostrarse máis próximo e inmediato e cun impacto universalista.

Intenta definir a beleza como algo emocional, sensitivo e con tinguiduras poéticas e místicas. Traballa do natural sobre paisaxes urbanas e naturais, sobre lugares que o rodean e que o inspiran, polo que se pode afirmar que plasma elementos e momentos do seu cotián, anacos ou escenas da súa vida. Por iso é polo que as súas obras teñen esa pátina de realidade existencial.

Concédelles protagonismo aos elementos máis humildes e sinxelos: a choiva, as finas e sutís rosadas que envolven e transforman as paisaxes, os orballos, as brumas, os solpor, os amenceres, a difusa arquitectura urbano e o resto de elementos que poidan compoñer a escena que se presenta diante del... Para conseguir eses efectos de bruma luminescente e acuosa, en primeiro lugar selecciona e despois materializa sutilmente os diferentes planos que compoñen a perspectiva da obra, a base de sumar as diferentes capas grazas aos matices de tonalidades de cor.

Matiza con grande interese os ceos e a luz que rompe a través deles. Esa presenza dos amenceres e a riqueza que lle proporciona á súa paleta provoca que protagonicen as súas escenas.

As formas destas obras mantéñense cunha construcción a base de pinceladas longas, espiritualizadas, profundas, sinuosas, volumétricas e expresivas, que se suman nun diálogo integrador e creativo cos fondos; e as manchas fusiónanse coa luz para crear texturas. O resultado constitúeno unhas obras cheas de espazos atmosféricos que mostran unha sensibilidade e beleza exquisitas.

Nalgúns carbóns traballa con papeis de cor como fondo das obras, preferentemente rosas. Utilízaos como unha textura compositiva, como base para que os trazos e as manchas se integren na obra. O resultado é unha suma expresiva perfecta e transformadora.

Esta maneira de proceder chega desde un proceso creativo no que busca expresarse libremente e sen poñer

límites. Ao mesmo tempo, coa idea ou necesidade de que a obra teña vida propia. Este recurso creativo ten moito de oficio, experiencia e talento.

Tanto as acuarelas como os carbóns son técnicas difíciles e complexas na súa execución, pola súa delicadeza, e nas que non se pode cometer ningún fallo, xa que calquera erro as malograría.

No seu caso, a elección destas técnicas baséase na necesidade de asumir novos retos e no seu espírito rebelde, valente e innovador. Ao mesmo tempo, comprende que estas técnicas achegan intimidade e unha maior sensibilidade. Necesita formatar novos espellos onde poder mirar as súas emocións, sensacións e sentimientos. Ao final, e en resumo, crea un retrato de emocións e momentos de inspiración como retrincos da súa vida e dos seus estados de ánimo.

Poderíanse titular “*paisaxes da súa alma*”.

O anteriormente descrito sobre carbóns e acuarelas, salvando as distancias, pode aplicarse conceptualmente tamén á pintura.

**Pero a pintura é a pintura.** Naceu pintor e morreu pintor. As súas primeiras obras datan de 1939 e as últimas fíxooas pouco antes de falecer.

Traballou con óleos, aínda que o últimos trinta anos, aproximadamente, provocábanlle alerxia, polo que tivo que traballar con acrílicos.

Todas as súas etapas poderían encadrarse dentro do impresionismo, ao que lle proporcionou o seu estilo persoal e que contaba con grande expresividade.

A obsesión pola luz deriva da súa concepción como a parte de que define e constrúe as obras. Convértese na súa razón de ser como pintor. É a súa formulación esencial e a súa achega ao mundo da arte. Podería dicirse que é un pintor de luz e atmosferas e nelas descobre a esencia do seu impulso creativo.

A súa obra tamén ten, ao principio, momentos fauvistas e moi coloristas, con explosións de intensidade de

cor, procura dun artista orixinal e inquieto que buscaba atopar atallos. Pero, ao final, a súa evolución non ten saltos significativos e as súas diferentes etapas desenvólvense como algo natural. Utiliza o impacto visual dun modo instintivo. Traballa e domina o oficio e controla o talento. Utiliza diferentes técnicas que lle axudaron a consolidar a súa linguaaxe.

